

O GALEGO A FINAIS DO SÉC. XX E COMEZOS DO XXI: CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS FUNDAMENTAIS. CONTEXTO HISTÓRICO E SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

O novo contexto político fixo que a lingua se vise influenciada por dous factores novos: **a culminación do proceso de estandarización** e **a introdución do galego na escola**, que é o mellor medio de difusión da lingua estándar¹. Estes dous feitos permitiron depurar a lingua de castelanismos léxicos propios da fala popular, mais contribuíron tamén a difundir un modelo fonético considerado ás veces como menos “auténtico” (sen gheada, sen seseo, con entoación neutra...). Isto pode ser entendido, no nivel oral, como unha diglosia interna, pois prodúcese entre dúas variedades da mesma lingua: o galego estándar e o galego coloquial ou dialectal. Trátase da mesma situación que viven esas dúas variedades de calquera outro idioma estandarizado, como o francés, o ruso ou o castelán.

O contexto histórico deste período vén marcado pola fin da ditadura franquista e a transición cara a un réxime democrático, que recupera as liberdades fundamentais para a cidadanía e descentraliza o poder mediante as Comunidades Autónomas. Este novo sistema traerá **consecuencias positivas** para a nosa lingua:

- a) O galego consegue a oficialización.
- b) O galego incrementou a súa presenza na vida pública, especialmente na chamada función institucional: Ensino, Administración Autonómica, Concellos, CRTVG...
- c) Estase producindo unha mudanza positiva na revalorización social da lingua e nos comportamentos lingüísticos dos galegos, deixando de estar reducido aos usos informais.

O primeiro texto legal en que se recoñecía a oficialidade ao galego era o Estatuto de Autonomía de 1936, que non chegou a ser efectivo por mor da Guerra Civil. A partir de 1975, a situación legal do galego —e do catalán e o éuscaro— foi mudando mediante a aprobación de tres textos que constitúen **o marco legal** da nosa lingua:

- **Constitución Española (1978)**. Despois de declarar o castelán como lingua oficial que debe ser coñecida por todos os españois, recoñece a cooficialidade para as outras linguas (sen mencionar ningunha en concreto), segundo os posteriores Estatutos de Autonomía das diferentes Comunidades.
- **Estatuto de Autonomía (1981)**. Despois de definir o galego como a “lingua propia de Galicia”, establece a cooficialidade do galego e do castelán, segundo consta no seu artigo 5:

*-O galego e o castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e os usar.
-Os poderes públicos galegos garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.*

- **Lei de Normalización Lingüística (1983)**. Desenvolve o modelo lingüístico enunciado no Estatuto e ocúpase do seu uso no Ensino, na Administración, nos medios de comunicación, toponimia, galego exterior, etc.

Este marco legal, porén, establece unha **cooficialidade asimétrica para as linguas no Estado español**, pois está baseada nunha **desigualdade xurídica**: o castelán debe ser coñecido por todos os españois, mentres que coas outras linguas existe o dereito, mais non o deber, de coñecelas. A oficialidade das linguas periféricas, fronte á do castelán, está delimitada ao seu territorio.

Para unha idea máis precisa da **situación sociolingüística do galego** na actualidade, debemos analizar a súa presenza nas **diferentes funcións sociais da lingua**.

1. Nas funcións de **identidade, familiar, laboral e local** o galego segue a ser aínda a lingua de máis uso. Aínda así, hai que valorar e introducir varios factores, como a **idade**, o **hábitat** (urbano, periurbano, vilego, rural), a **clase social** e o **nivel de estudos**. Tendo en conta estes factores, a realidade lingüística móstranos que o galego descende segundo nos achegamos a xeracións máis novas (que xa non o teñen como lingua adquirida na casa), dun máis elevado nivel de estudos, residentes en núcleos urbanos e cun nivel socio-económico medio-alto.
2. Debido ao seu status legal de lingua cooficial e lingua propia de Galicia, o galego ten un amplo uso na función **institucional**, situación que non se daba desde a etapa medieval.
 - 2.1. **Na Administración** a LNL declara o galego como lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma e da Administración Local (Concellos e Deputacións). Ademais di que os cidadáns te-

¹ As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (elaboradas pola RAG e o ILG en 1982 e reformadas en 2003) constitúen a chamada “normativa oficial”, que é a que goza actualmente dunha maior difusión e aceptación, aínda que existen tamén as propostas reintegracionistas.

ñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

2.1.1. A **Xunta** e o **Parlamento de Galicia** empregan maioritariamente o galego nos usos escritos e nos usos orais formalizados (intervencións parlamentarias, roldas de prensa...), en que podemos dicir que ten xa un papel de “lingua ritual”.

2.1.2. Na **Administración Local** (313 concellos e catro deputacións provinciais) a situación é moi diversa, mais podemos dicir que o galego ten tamén unha importante presenza neste ámbito (uso oral, documentación interna, actas, formularios, etc.).

2.1.3. O eido institucional con menor presenza do galego é a **Xustiza**, aínda que hai accións e colectivos que están a potenciar a normalización do galego neste ámbito. Desde 1989 contamos con versións en galego do Código Civil e o Código Penal.

2.2. **No sistema educativo**, a presenza do galego réxese polo marco legal xeral, mais a LNL engade para este ámbito o seguinte :

Artigo 12: O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos. (...)

Artigo 14: (...) As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

2.2.1. **No ensino primario e secundario** o galego como materia de estudo introduciuse xa no ano 1979 e en 1983, coa LNL, fíxose materia de estudo obrigatorio. A lexislación máis recente é o **Decreto para o Plurilingüismo** (2010), que reduciu ao 33% o pretendido obxectivo de chegar ao 50 % de uso do galego como lingua vehicular, recollido no **Plan Xeral de Normalización Lingüística** (que fora aprobado no Parlamento de Galicia por unanimidade en 2004). A situación no Ensino amósase preocupante pois, por primeira vez, desde a chegada da democracia, fíxose retroceder a presenza da lingua galega nas aulas.

2.2.2. **No ámbito universitario**, as tres universidades declaran nos seus Estatutos o galego como lingua oficial, mais o seu emprego como lingua vehicular é, en xeral, baixo.

2.3. No tocante **aos medios de comunicación**, o galego é a lingua da **Radio Galega** e da **TVG** (entes públicos que comezaron a emitir en 1985), así como dalgúns outras emisoras e canles locais. No ámbito da **prensa escrita**, produciuse a desaparición de varios medios e hoxe só contamos co *Nós Diario* en papel en galego, e algúns xornais de difusión local. Fronte a esta presenza cativa nos medios de comunicación tradicionais, a nova canle que nos proporciona Internet móstrase esperanzadora: temos varias cabeceiras dixitais, algunhas moi recentes (*Praza Pública, Galicia Confidencial, Galicia Ciencia*) e o galego encóntrase entre as 50 linguas máis usadas na Internet no mundo, por diante de linguas que o triplican ou quintuplican en número de falantes.

3. A presenza do galego na función **cultural** é elevada, de xeito que podemos afirmar que é o ámbito onde o galego presenta maiores logros no camiño da súa normalización. Á parte de ser o vehículo natural de expresión oral da nosa **cultura popular**, o galego é tamén a lingua máis usada no eido da **cultura formalizada**: as artes plásticas, o teatro, a literatura, a música... sendo, nestas últimas sobre todo, coñecido e recoñecido dentro e fóra das nosas fronteiras.

Fronte aos evidentes avances que o galego experimentou a partir de 1975, é necesario lembrar a existencia de problemas tamén evidentes, como indican os seguintes **indicadores sociolingüísticos negativos**:

a) Continúa o proceso de perda de falantes de lingua inicial galega e aumenta o número de monolingües en castelán.

b) O proceso de normalización avanza lentamente, a pesar de existir un marco legal que pretende defender o galego e dun organismo creado con este fin (a actual Secretaría Xeral de Política Lingüística).

c) A preocupación e sensibilidade arredor da lingua non é aínda xeral na sociedade. O galego está na actualidade presente en todas as capas sociais, mais aínda existe unha actitude desgaleguizadora nunha boa parte dos sectores máis visibles e poderosos da sociedade. E mesmo existen iniciativas contrarias ao avance normalizador da lingua galega como a asociación “Galicia Bilingüe” (hoxe integrada en “Hablemos español”).

Alén das accións colectiva e institucional, **para garantir a supervivencia do galego é decisiva a acción normalizadora individual**. Nun mundo que tende a unha globalización homoxeneizadora e nunha sociedade onde a substitución lingüística está avanzando, é responsabilidade de todas e todos nós facer chegar ás xeracións futuras este vello sinal de identidade que nos deixaron os devanceiros e devanceiras: unha das linguas que conforman a diversidade cultural da nosa especie e do noso planeta e que nos define como comunidade.